

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 03/08/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 03/08/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA DEL ROSARIO GONZALEZ PACIOS

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 27 de xullo 2026, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/2826

Dáse conta do informe da Policía Local en relación a intervención policial ocorrida na rúa Alejandro Cerecedo, no que indican que personados no lugar se observa que tras os traballos recentes de pintado da Rúa Alejandro Cerecedo, a línea de separación de carriles é continua, polo que impide o acceso dende dita rúa en sentido decrecente (sentido rúa Alexandre Bóveda) hacia a Travesía Alejandro Cerecedo. Dita liña sempre foi discontinua para que os veciños pudesan atravesala para acceder ao garaxes.

Polo exposto a Xunta de Goberno local acorda o repintado da línea de separación de carriles na rúa Alejandro Cerecedo, pasando a ser discontinua, tal e como viña sendo ata agora.

Dar conta ao responsable de sinalización.

PRP2026/2774

Dáse conta do informe da Policía Local no que se indica o seguinte:

Que, en data 18/07/2026, recíbese orde de servizo J2 para comparecer na C/ Vilaboa, como consecuencia de diversas queixas veciñais recibidas, nas que se pon de manifesto que, tras a recente reforma da citada vía, existe un defecto na sinalización viaria que está a ocasionar numerosos incidentes.

Segundo as manifestacións recibidas, desde os garaxes situados no primeiro tramo da rúa non existe sinalización vertical nin horizontal que prohiba a circulación en sentido contrario, o que provoca que algúns usuarios dos devanditos garaxes accedan á vía circulando en sentido inverso, incorporándose directamente á intersección da C/ Vilaboa coa Avda. de Cambados, co conseguinte risco para a seguridade viaria.

Que, unha vez persoados no lugar, os axentes actuantes comprobán a veracidade dos feitos expostos, constatando a existencia dunha deficiente sinalización susceptible de inducir a erro aos condutores.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á corrección da devandita deficiencia mediante a instalación da correspondente sinalización vertical, concretamente un sinal de entrada prohibida e/ou un sinal de sentido obrigatorio na citada intersección, así como a execución da sinalización horizontal mediante o pintado de marcas viarias direccionais (frechas

de indicación), ao obxecto de garantir unha adecuada ordenación do tráfico e previr situacións de risco para a circulación.

Dar conta ao responsable de sinalización.

PRP2026/2786

Dáse conta da proposta da Concelleira de Seguridade, en relación coa necesidade de aprobación do gasto e adxudicación do contrato menor de servizos e subministro consistente no “ALUGUER DE CAMARAS PMA 24 HORAS 10-12 PARA A FESTA DA AUGA 2026”, para a súa instalación no Posto de Mando Avanzado.

A contratación é necesaria para asegurar o normal desenvolvemento das actuacións de control e prevención que corresponden á Policía Local.

O Concello non dispón dos medios técnicos propios e necesarios para garantir a vixilancia mediante cámaras para a súa montaxe no Posto de Mando Avanzado para garantir a seguridade na Festa da Auga, polo que resulta necesario acudir á contratación externa dunha empresa especializada que subsane ditas deficiencias técnicas.

O contrato terá a duración necesaria para a entrega da prestación do servizo, establecéndose un prazo máximo de vencimento ata o día 31/07/2026,

Coa finalidade de dar cumprimento ás esixencias previstas no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (LCSP), compre sinalar que na realización deste contrato menor non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado 1 do citado artigo.

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de servizos e subministros consistente no aluguer PMA 24 horas 10-12 de Cámaras para a Festa da Auga 2026 para a súa montaxe no Posto de Mando Avanzado, por importe de 5.776,06 € (IVE engadido), con cargo á partida orzamentaria 132-22799 (RC 220260007594) do orzamento vixente.

2.- Adxudicar o contrato menor de servizos e subministros a RADIOSPECTRUM NETWORKS, S.L. (B27829696) de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2798

En relación ao escrito presentado por D. José Antonio GONZÁLEZ BOULLOSA con DNI 52490050W como administrador da empresa REVENIDAS S.C con CIF J94117678 e enderezo social en Rúa BOUZA DE ABAIXO DE VILAXOÁN - SOBRÁN N933 - 12 do Concello de VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA), organizadora do evento Cultural - Gastronómico REVENIDAS 2025, a celebrar do 10 ao 13 de setembro de 2026, sobre as necesidades e operatividade da Policía Local de Vilagarcía de Arousa en relación á ocupación de espazo público así coma a regulación do tráfico que se levará a cabo na contorna do peirao de VILAXOÁN, e aumento da vixilancia nas zonas de influencia como consecuencia do evento, pola Policía Local informase o seguinte:

EMPRAZAMENTO: O evento celébrase na Rúa REVENIDAS, ocupando completamente o parque DONA CONCHA e a zona de estacionamento da Rúa AVELINA NOGUEIRA anexa ao citado parque.

SINALIZACIÓN: colocarse a sinalización cos seguintes criterios.

Prohibición do estacionamento: nas zonas a ocupar polo evento: Rúa REVENIDAS e explanada anexa (INTECMAR), contorna do parque DOÑA CONCHA MUELLE no período comprendido entre o 1 e ata o día 18 de setembro.

Prohibición do estacionamento: das zonas precisas para loxística e fluidez do tráfico sendo Rúa AVELINA NOGUEIRA e Rúa DO MUELLE no período comprendido entre o 1 e ata o día 18 de setembro.

Prohibición de entrada: da Rúa REVENIDAS tanto dende Rúa VICTOR PITA coma dende a intersección de Rúas RAMÓN PATIÑO PAREDES e Rúa DO MUELLE.

Prohibición de entrada agás autorizados (residentes, transporte público, cargas e descargas) nos accesos a Rúa AVELINA NOGUEIRA unha vez ocupadas as vías afectadas:

- Dende Rúa VALLE INCLÁN: nas interseccións de Rúa VICTOR PITA con Rúas ARMANDO COTARELO e MIRAMAR que disporán de sinalización de desvío cara a estas, dos vehículos que circulan con dirección e sentido cara a Rúa DOÑA CONCHA que deberán circular cara a Avda. CAMBADOS para todas as direccións.

- Dende Avda. VILANOVA: no acceso a Rúa VEIGA DO MAR, intersección desta con Rúa PREGUNTOIRO, acceso a RAMÓN PATINO PAREDES, e tamén desta última con Rúa DO MUELLE. Incorporarán lenda de acceso ao PORTO DE VILAXOÁN.

Medidas especiais nas zonas de acampada: colocarse sinalización de circulación en sentido único xiratorio na zona comprendida pola Travesía BRUGUEIRA e Rúa DO XOGO que evite colapsos na zona.

SEGURIDADE VIARIA: Incrementaranse os controis de vixilancia da disciplina do tráfico, tanto no relativo aos estacionamentos indebidos, coma aos relativos ao estado dos vehículos e dos condutores, especialmente mediante probas de detección de alcohol ou drogas.

SEGURIDADE CIDADÁ: Incrementarse a presenza de efectivos na zona para garantir a seguridade pública, tanto na contorna do recinto como nas zonas de acampada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2818

Dáse conta do escrito presentado por Dona Lorena Suárez Sánchez, solicitando autorización para levar a cabo unha xuntanza entre varios centros de atención ás persoas maiores da contorna na zona de merendeiros da praia da Concha, o día 10 de setembro de 2026, en horario de 15:30 a 17:30 horas.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local acorda concederlle autorización, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2817

Dáse conta do escrito presentado por CINE CLUB ADEGA G36018513, solicitando autorización para a utilización do parque Enrique Valdés o día 07 de agosto de 2026, en horario de 19:00 a 01:00 horas, con motivo da celebración do 50º aniversario da asociación, coa finalidade de desenvolver unha xornada de actividades culturais, lúdicas e de lecer abertas á cidadanía: paseos a cabalo e ponis no interior do parque, a instalación dunha barra de bebidas e dun stand de comida e a proxección ao aire libre da película Rango. Asímesmo o tránsito de 4 ou 5 cabalos dende o centro ecuestre Ares ata o parque.

Visto o informe da Policía Local acórdase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.

- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2816

Dáse conta do escrito presentado por José Ernesto Marín Herrera, en representación de MEDIOS PROMOCIONALES Y PUBLICITARIOS SL - B80642432, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza da II República os días 29 e 30 de agosto de 2026, en horario de 18:00 a 00:00 horas, para realizar un evento de Nintendo.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2815

Dáse conta do escrito presentado por Dña. Alexa Sampere Gavieiro, solicitando autorización para poñer música e comida diante do local comercial ubicado na rúa Romero Ortiz 9-11 o día 22 de agosto de 2026, en horario comercial, con motivo da celebración do aniversario do mesmo.

Visto o informe da Policía Local acórdase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2814

Dáse conta do escrito presentado por D. Darío Alfredo Fole Díaz, en representación de ADM FRANCHISING GALICIA, S.L. - B36551133, solicitando autorización para ocupación de vía pública na praza Do Castro, para a instalación dun palco para a actuación de varios DJs e unha barra, con motivo da festa da auga 2026.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada na praza Do Castro, dende as 22:00 horas do día 15 de agosto ata as 05:00 horas do 16 de agosto, e dende 12:00 a 18:00 horas do día 16 de agosto, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso

de peóns.

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Respecto ás carpas, non é posible acceder ao solicitado por necesitar as carpas o Concello.

PRP2026/2813

Dáse conta do escrito presentado por D. Ricardo Santamaría Valle, en representación da ASOCIACION CULTURAL VARIETES, solicitando autorización para ocupación de vía pública na rúa Méndez Nuñez 15 - 17, para instalación dunha plataforma e unha toma de electricidade para a actuación da Duendeta con motivo da festa da auga 2026.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada na rúa Méndez Núñez, dende as 22:00 horas do día 15 de agosto ata as 05:00 horas do 16 de agosto, e as 12:00 a 18:00 horas do día 16 de agosto, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2812

Dáse conta do escrito presentado por Dña. Fuensanta Portas Vázquez. solicitando autorización para a realización dunha actuación musical en directo na terraza do establecemento "LA RIVIERE LATERIO", situado na Rúa Nicolás Viqueira Conde nº7, o día 22 de agosto de 2026, en horario de 13:00 a 17:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acórdase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2811

Dáse conta do escrito presentado por D. Miguel López Crespo, en representación de UNION DE CONSUMIDORES DE GALICIA - G15160609, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 13 de agosto de 2026, en horario de 10:00 a 19:00 horas, para a montaxe dun punto de información sobre a correcta separación dos residuos e a reciclaxe. Visto o informe da Policía Local acórdase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2810

Dáse conta do escrito presentado por D. José González Santos, en representación de ASOC PEÑA ESCUADRA ARLEQUINADA - G56403827, solicitando autorización para a colocación dun posto de venda de camisetas conmemorativas con motivo da Festa da Auga 2026, os días 28 de xullo e 1, 4, 8, 10, 11, 12, 13 e 14 de agosto de 2026.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

1._Concederlle autorización para a colocación do posto de venda de camisetas, na Praza de Galicia e nos días solicitados, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

2._ A cesión dos elementos materiais solicitados, durante os días indicados, debendo devolvelos en igual estado en que os recibiron.

PRP2026/2809

Dáse conta do escrito presentado por D. Pedro González Rubianes, solicitando autorización para a organización dun Flash Day de tatuaxes e a ampliación excepcional de horario de apertura do estudio de tatuaxes ubicado na Avda. Xoan Carlos I, nº24, permanecendo aberto dende as 18:00 do día 15 de agosto ata as 06:00 h. do día 16 de agosto de 2026, con motivo da celebración da Festa da Auga.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que deberá dirixir a súa solicitude á Xunta de Galicia (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración) xa que o Concello non ten competencia en materia de horarios comerciais.

Non obstante, fáiselle saber que de conformidade co disposto na lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia, a franxa horaria en que se desenvolverá a actividade comercial será entre as 08:00 e as 24:00 horas.

PRP2026/2808

Dáse conta do escrito presentado por D.Yoan González Cheméndez, solicitando autorización para a realización dunha actuación musical por parte do "DJ BRUNO EL CANARIO", no local "AS EIRAS" ubicado en Vilaxoán os días 01 e 07 de agosto de 2026.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para a realización da actuación musical solicitada para os días 01 e 07 de agosto de 2026, en horario de 21:00 a 24:00 horas, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2026/2807

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro Vázquez, en representación de ALCOHOLICOS REHABILITADOS AROUSA - G36484616, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha mesa informativa no cruce de Xeneral Pardiñas con Castelao, o día 01 de agosto de 2026, así como autorización para entrar cun coche para carga e descarga.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2806

Dáse conta do escrito presentado por Dona Paula Pazos Cid, solicitando autorización para a organización dunha quedada para intercambio de cromos diante da tenda "TE ENDULZO" ubicada na rúa Ramón y Cajal nº11, o día 26 de xullo de 2026, en horario de 11:00 a 13:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2819

Dáse conta da proposta da Concelleira de Seguridade, en relación coa necesidade de aprobación do contrato menor de subministros para "SUBMINISTRO DE EQUIPOS DE DETECCION DE DROGAS", destinadas á realización das probas de detección de drogas no exercicio das funcións propias en materia de tráfico, seguridade e prevención.

A utilización de test rápidos de drogas permite axilizar a detección de posibles condutores baixo influencia de substancias estupefacientes, optimizar os controis preventivos de tráfico, facilitar a intervención inmediata de accidentes de circulación e reducir os tempos operativos en vía pública. Dada a frecuencia de actuación relacionadas co consumo de substancias, considérase necesario disponer de material suficiente para garantir a cobertura do servizo.

O Concello non dispón dos medios técnicos propios e necesarios para garantir á realización das probas de detección de drogas, polo que resulta necesario acudir á contratación externa dunha empresa especializada que subministre dito material.

Coa finalidade de dar cumprimento ás esixencias previstas no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (LCSP), compre sinalar que na realización deste contrato menor non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado 1 do citado artigo.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de subministros consistente

na adquisición de Kit de detección de 5 drogas DRUGWIPE (caja de 25 dispositivos), por importe de 1.355,68 € (IVE engadido), con cargo á partida orzamentaria 132-22199 do orzamento vixente.

2.- Adxudicar o contrato menor de subministros a SEPY MEDICAL, S.L. (B36484822) de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2820

Dáse conta da proposta da Concelleira de Seguridade, en relación coa necesidade de aprobación do contrato menor de subministros para “SUBMINISTRO DE CINTA POLICIAL OFICIAL DAS POLICIAS LOCAIS DE GALICIA”, posto que estanse esgotando as existencias do Dpto. da Policía Local.

Coa finalidade de dar cumprimento ás esixencias previstas no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (LCSP), compre sinalar que na realización deste contrato menor non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado 1 do citado artigo.

O Concello non dispón dos medios técnicos propios e necesarios para garantir o a impresión de dita Cinta Policial, polo que resulta necesario acudir á contratación externa dunha empresa especializada en ditas tarefas.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de subministro consistente na adquisición de ROLLO CINTA 10X200 MTR. GALGA 300 1 CARA CON IMPRESIÓN 3 COLORES DELANTE – BLANCO DETRÁS, por importe de 1.242,50 € (IVE engadido), con cargo á partida orzamentaria 132-22199 do orzamento vixente.

2.- Adxudicar o contrato menor de subministros a CASTROMAN I, S.L. (B36406650) de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2802

Dáse conta da proposta do Servizo de Obras na que se indica que resulta necesario levar a cabo traballos de limpeza, reparación e pintado da fachada principal do CEIP plurilingüe Rosalía de Castro, debido ao seu estado de deterioro polo paso do tempo e pola presenza de fendas e graffitis, co fin de garantir a súa correcta conservación e mellorar a imaxe do edificio.

CARACTERÍSTICAS DA OBRA:

- Lavado dos paramentos exteriores con máquina de auga a presión e reparar as fendas en toda a fachada principal.
- Subministro e aplicación de pintura plástica especial para exteriores na fachada. Inclúe o borrado dos graffitis e a montaxe e desmontaxe do andamio europeo para a execución dos traballos.
- Duración ou prazo de execución da reparación: aproximadamente 1 mes.

Na presente proposta cúmprese co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017 en relación a que non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos límites contemplados no art. 118.1 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de obras para a limpeza con máquina de auga a presión, reparación de fendas e posterior pintado da fachada do CEIP plurilingüe Rosalía de Castro, por un importe de 8.107,00 € IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 320-212.
2. Adxudicar o contrato menor de obras a REFORMAS TREBOL S.L. (B94128675) de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2803

Dáse conta da proposta do Servizo de Obras na que se indica que resulta necesario executar os traballos de hormigonado do patio da Escola Municipal de Música, co fin de mellorar o estado do pavimento existente, garantindo unhas condicións adecuadas de seguridade, accesibilidade e durabilidade para o seu uso habitual.

CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS:

- Subministro, vertido e estendido de capa de formigón H-250 de 12 cm de espesor, enriquecido con fibra.
- Subministro e colocación de malla electrosoldada de 20x30x5.
- Acabado cepillado do pavimento.
- Execución dos cortes necesarios para a formación das xuntas de dilatación.
- Limpeza final da zona de actuación.
- Duración ou prazo de execución da reparación: aproximadamente 3 días hábiles.

Na presente proposta cúmprese co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017 en relación a que non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos límites contemplados no art. 118.1 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de obras consistente no subministro, vertido e estendido dunha capa de formigón, así como na instalación dunha malla electrosoldada, por un importe de 4.813,38 € IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 3262.212.
2. Adxudicar o contrato menor de obras a GAROCAPRIM S.L. (B94016805) de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2801

Dáse conta da proposta do Servizo de Obras, na que se indica que resulta necesaria a limpeza do muro e reparación das fendas no zócalo do edificio do CEIP Arealonga, debido ao seu estado de deterioro visible nos muros exteriores polo paso do tempo e á exposición continuada aos axentes atmosféricos. Así mesmo o zócalo de todo o perímetro do edificio presenta profundas fendas polas que entra a humidade e ratos. O obxectivo é garantir un adecuado estado de conservación do inmovible, evitar a progresión das fendas existentes e mellorar as condicións estéticas e de mantemento do centro educativo

CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS:

- Lavado con máquina a presión dos aleros, porche e entrada principal do centro, parte superior e inferior.
- Subministro e aplicación de pintura de clorocaucho fibrado no alero. Inclúe o desatasco do sumidoiro da baixante da entrada.
- Lavado e pintado do muro medianero de 105ml.
- Reparación das fendas do zócalo en todo o perímetro do edificio pola parte exterior (215 ml.).
- Lavado e pintado do zócalo exterior. (215 ml).
- Inclúe a montaxe e desmontaxe dos medios auxiliares para a execución dos traballos.
- Duración ou prazo de execución da reparación: aproximadamente 30 días naturais.

Na presente proposta cúmprese co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017 en relación a que non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos límites

contemplados no art. 118.1 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de obras consistente na limpeza do muro e reparación das fendas no zócalo do edificio do CEIP Arealonga, por un importe de 9.438,00 € IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 320-212.
2. Adxudicar o contrato menor de obras a REFORMAS TREBOL S.L. (B94128675) de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2778

Dáse conta da Proposta do Servizo Municipal Alumeado Público, Auditorio, Parking Juan XXIII e Estacións de Bombeo, en relación coa necesidade de subministración de cinco (5) equipos HERMES de telecontrol para a substitución dos equipos danados nas estacións de bombeo de augas residuais do sistema municipal de saneamento, na que se indica:

Como consecuencia das fortes treboadas rexistradas nas últimas semanas no termo municipal de Vilagarcía de Arousa, producíronse importantes sobretensións na rede eléctrica que afectaron a diferentes instalacións municipais.

En concreto, varias estacións de bombeo de augas residuais sufriron avarías nos equipos electrónicos de telecontrol instalados nas mesmas. Estes equipos, denominados HERMES, resultan fundamentais para o correcto funcionamento do sistema de telexestión, xa que permiten a supervisión en tempo real do estado das estacións de bombeo, a recepción de alarmas, o control remoto das instalacións e a rápida actuación ante posibles incidencias.

Os danos ocasionados polas sobretensións deixaron inoperativos varios destes equipos, impedindo o normal seguimento e control das instalacións afectadas, o que supón unha diminución da capacidade de resposta ante posibles avarías e un risco engadido para a correcta explotación da rede municipal de saneamento. A ausencia de telecontrol implica, ademais, que calquera incidencia ou parada de bombeo poida pasar desapercibida ata que un operario se desprace fisicamente á instalación, coa conseguinte demora na resposta e o risco de vertidos ou afeccións ambientais.

Esta actuación permitirá restablecer con carácter urxente o sistema de telexestión das estacións de bombeo afectadas, garantindo a supervisión en tempo real, a recepción de alarmas e a capacidade de resposta inmediata ante posibles incidencias, minimizando así o risco de vertidos e afeccións ao servizo municipal de saneamento.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto por importe de 2.057,00 € (IVE incluído) a favor de GRUPO ELECTRO STOCKS S.L. (KILOVATIO AROUSA), para a subministración de cinco (5) equipos HERMES de telecontrol destinados á substitución dos equipos danados nas estacións de bombeo de augas residuais municipais, con cargo á partida 160.61900.

Prazo de entrega: Entre 1 e 5 semanas segundo equipamento e dispoñibilidade de fabricación, a partir da formalización do pedido.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2833

Dáse conta do escrito presentado por PIROTECNIA LOPEZ, S.L., - NIF BI 5368715, comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico (fogos de ruido) de menos de 10 kg. de contenido explosivo neto (NEC), segundo o vixente Regulamento de Artículos Pirotécnicos e Cartuchería (R.D. 989/2015 de 30 de outubro, BOE 267/2015), para os días 1, 2, 3 e 4 de agosto de 2026, con motivo da celebración das festas patronais na parroquia de Solobeira.

Dáse conta de que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión de data 28 de maio de 2026

adoptou o seguinte acordo:

- O Concello de Vilagarcía comprométese á redución das bombas de palenque nas festas e celebracións que teñan lugar no concello.
- O Concello de Vilagarcía constituirá un grupo de traballo, co obxectivo de elaborar propostas e medidas orientadas á diminución das bombas de palenque.

Vista a documentación aportada, o informe da Policía Local, e o acordo do Pleno da Corporación Municipal, a Xunta de Goberno Local queda sabedora da realización do espectáculo de pirotecnia solicitado, debendo axustarse á normativa de aplicación e ter en conta as restricións que para o lanzamento de artigos pirotécnicos sexa emitida pola autoridade competente, por risco de incendios.

PRP2026/2834

Dáse conta do escrito presentado pola empresa RICARDO RESUA, S.L. NIF BI 5367592, comunicando que ten contratado un servizo pirotécnico (fogos de ruidos) de menos de 10 kg. de contido explosivo neto (NEC) segundo o vixente Regulamento de Artículos Pirotécnicos e Cartuchería (RD 989/2015, de 30 de outubro - BOE 267/2015), para o día 03 de agosto de 2026, con motivo da celebración das festas dos Apxos de Trabanca Sardiñeira.

Dáse conta de que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión de data 28 de maio de 2026 adoptou o seguinte acordo:

- O Concello de Vilagarcía comprométese á redución das bombas de palenque nas festas e celebracións que teñan lugar no concello.
- O Concello de Vilagarcía constituirá un grupo de traballo, co obxectivo de elaborar propostas e medidas orientadas á diminución das bombas de palenque.

Vista a documentación aportada, o informe da Policía Local, e o acordo do Pleno da Corporación Municipal, a Xunta de Goberno Local queda sabedora da realización do espectáculo de pirotecnia solicitado, debendo axustarse á normativa de aplicación e ter en conta as restricións que para o lanzamento de artigos pirotécnicos sexa emitida pola autoridade competente, por risco de incendios.

PRP2026/2835

Dáse conta do escrito presentado por Dña. María Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para a actuación dun músico ou colocación dun altavoz na terraza do bar "AS TAPAS DE LAURA ALEGRÍA" os días 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21 e 22 de agosto de 2026, en horario de 12:00 a 15:00 h e de 20:30 a 00:30 h, con motivo das festividade de San Roque, asímesmo solicita poñer unha pulpeira ou asar churrasco os mesmos días, en horario de 13:00 a 17:00 e de 20:00 a 23:00 h.

